

Festa dos Maños



1 de maio, 12 h na Praça da Corga

BASES

- 1.- Poderán participar todas as asociacións culturais, colexios, grupos, colectivos veciñais, entidades e persoas que o desexen. Deberán **inscribirse na Praza do Corgo entre as 10.30 e as 11.30 h do 1 de maio** cubrindo a solicitude de inscrición.
- 2.- Todos os maíos participantes deberán presentarse ao xurado antes das 11.40 h do 1 de maio na Praza do Corgo. O concurso comezará ás 12.00 h e a partir dese intre non poderán participar máis maíos no concurso.
- 3.- Haberá un xurado composto por persoas con coñecementos na Festa dos Maíos.
- 4.- Un representante da comisión organizadora da festa actuará como secretario –sen dereito a voto– e redactará a acta do acordado.
- 5.- Os membros do xurado, para emitir as súas puntuacións, terán en conta os seguintes criterios:
 - ✓ A armazón dos maíos tradicionais será de madeira e só poderán quedar visibles os pés e as andas. A coroa, no caso de presentarse, non deixará ver os materiais da estrutura, e poderá presentarse como remate do maio ou en estrutura aparte.
 - ✓ O emprego de produtos tradicionais na confección dos maíos: fiúncho, laranxas, cascas de ovos, margaridas, calas etc. Valorarase a uniformidade do manto do fiúncho, a distribución dos adornos, a composición das formas etc.
 - ✓ Nos maíos artísticos as formas, tamaños, figuras, etc. serán libres, pero os materiais empregados serán os típicos dos maíos.
 - ✓ Nas coplas, o xurado valorará a interpretación, composición, ritmo, retranca e linguaxe utilizado. Penalizarase o uso de palabras malsoantes e de coplas non orixinais.
 - ✓ O emprego de instrumentos de acompañamento típicos: palitroques ou estadullos.
- 6.- Establécense tres premios por cada categoría segundo a relación indicada na seguinte táboa

RELACIÓN DE PREMIOS POR CATEGORÍAS		
MAIOS TRADICIONAIS	MAIOS ARTÍSTICOS	COPLAS E INTERPRETACIÓN
1º Premio 150 Euros	1º Premio 150 Euros	1º Premio 80 Euros
2º Premio 100 Euros	2º Premio 100 Euros	2º Premio 50 Euros
3º Premio 50 Euros	3º Premio 50 Euros	3º Premio 30 Euros

- 7.- Tódolos maíos participantes que non acaden ningún dos premios, recibirán un premio por participar de 30,00 €. Si o número de maíos participantes e non premiados fose superior a dez, o importe do premio por participación será o resultante de dividir 300,00 € entre o número de participantes non premiados.
- 8.- O xurado poderá deixar deserto algún dos premios, se o considera oportuno, e emitirá o seu ditame, que será inapelable, coa suma das puntuacións dos seus membros.
- 9.- O día do concurso entregarase un xustificante do premio que terá que ser remitido totalmente cuberto ao Concello para proceder ao pago mediante transferencia bancaria. O nome do responsable deberá coincidir cun dos titulares da conta bancaria. A entrega dos xustificantes dos premios no Concello deberá facerse antes de 30 días naturais, contados a partir do día do concurso. De non cumprir este prazo, entenderase a renuncia a dito premio

Base final: A participación no concurso leva implícita a aceptación das presentes bases